Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Area / Unidade	Documento	Selo
ALCALDIA MCCC	00013S00MF	Rexistro Xeral Registro General Saída Salida 30 SET 2019 Número Número 7684
Código de verificación 0U1H 3G22 415H 6K6H 0HJK	Expediente 000/2019/127	
	Data 24-09-2019	

Asunto	Destinatario
Notificación	MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ RUA Juan Castro Mosquera , Nº28, DR P02 D A Coruña 15005 - CORUÑA (A) A CORUÑA

NOTIFICACIÓN

A Alcaldesa-Presidenta, en data 27 de setembro de 2019, RESOLVEU:

"Á vista do Informe-Proposta de 23 de setembro de 2019 emitido polo Coordinador Xeral Municipal en relación a petición de información solicitada por D. Miguel Angel Delgado González de *"Solicitud de información y documentación pública relacionada con el Sr. José Manuel Lage Tuñas en el Concello de A Coruña y el PSdG de A Coruña con sede en el Concello de su Grupo Municipal"*,

RESOLVÍN :

Primeiro: Inadmitir a petición presentada por D. Miguel Angel Delgado González por non acompañar o seu escrito de documento que xustifique a representación que manifesta ostentar, nin aportar copia dos Estatutos da asociación que permita coñecer cal é o seu obxecto e finalidade e, nun caso, referirse a datos persoais protexidos da súa cesión a terceiros, consonte á lexislación vixente.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do documento."

Notificar o presente Decreto coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñerse:

- *RECURSO CONTENCIOSO – ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de DOUS MESES contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, segundo o disposto no artigo 24 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTAIP) en concordancia co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa (LXCA).*
- *Ou, de forma potestativa e previa a súa impugnación en vía contencioso - administrativa, RECLAMACIÓN ANTE O VALEDOR DO POBO, no prazo de UN MES contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, segundo o disposto no artigo 24 e Disposición Adicional Cuarta da LTAIP en concordancia coa Disposición Adicional Quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno.*

Si se opta por interpoñer Reclamación ante o Valedor do Pobo non se poderá interpoñer Recurso Contencioso Administrativo ata que a mesma sexa resolta expresamente e notificada, ou se produza a desestimación presunta da Reclamación interposta (art. 123.2 Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) en concordancia co artigo 112 LPAC e co artigo 24 LTAIP).
A desestimación presunta da Reclamación interposta ante o Valedor do Pobo terá lugar transcorrido o prazo de tres meses dende a interposición da mesma sen que fose resolta expresamente e notificada (art. 24.4 LTAIP).

Neste caso, poderase interpoñer Recurso Contencioso Administrativo no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que a resolución da devandita Reclamación se debería ter notificado de forma expresa (art. 46 LXCA).

- *Calquera outro recurso que estime oportuno, de acordo ao establecido polo artigo 88.3 LPAC.*

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento.

O Coordinador Xeral Municipal,

Santiago Roura Gómez